| 2º de Bacharelato | |
|---|---|
| **1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles** | |
| **Criterio de avaliación** | **Estándar de aprendizaxe** |
| Resumir textos de carácter expositivo e argumentativo | Resume textos de carácter expositivo e argumentativo. |
| Realizar comentarios de texto | ▪ Realiza traballos de investigación e comentarios de texto sobre temas propostos amosando a súa opinión persoal de forma argumentada. |
| Realizar monografías e cuestionarios de ensaio sobre textos propostos | ▪ Respecta as normas de presentación de traballos escritos: organización en epígrafes, procedementos de cita, notas a pé de páxina, bibliografía… |
| Realizar actividades de semántica e morfosintaxe segundo modelos da ABAU | Describe os trazos morfosintácticos, léxico-semánticos e pragmático-textuais presentes nun texto expositivo ou argumentativo. |
| Realizar actividades de morfoloxía segundo modelos da ABAU | ▪ Diferencia raíz de afixos e explica o significado que aportan. |
| Identificar os valores dos tempos verbais en contextos de uso | ▪ Identifica os usos e valores das categorías gramaticais en relación coa tipoloxía textual e o contexto de emisión. |
| Realizar comentarios analizando o sentido de textos de diferente tipoloxía | ▪ Identifica usos connotativos das palabras. |
| Realizar actividades de semántica segundo modelos da ABAU | ▪ Recoñece e analiza as relacións semánticas entre palabras. |
| Realizar actividades de sintaxe segundo modelos da ABAU | ▪ Recoñece as estructuras sintácticas. |
| Realizar actividades de sintaxe segundo modelos da ABAU | ▪ Recoñece e explica as referencias deícticas, temporais, espaciais e persoais nos textos. |
| Relacionar obras litererarias entre sí | ▪ Realiza conexións intertextuais á hora de elaborar as súas interpretacións. |

| | |
|---|---|
| Resolver cuestionarios sobre movementos literarios, autores e obras literarias do século XX ata hoxe | ▪ Coñece e explica os principais movementos literarios, autores e obras da literatura española desde o principio do século XX ata hoxe. |
| Interpretar o sentido de fragmentos literarios da literatura española e hispanoamericana do século XX aos nosos días | Analiza fragmentos e obras completas de literatura española e hispanoamericana do século XX aos nosos días vinculándoas co movemento estético ao que pertencen. |
| Elaborar monografías analizando e interpretando os significados de obras da literatura española e hispanoamericana do século XX | ▪ Fai traballos de investigación sobre temas da historia da literatura española e hispanoamericana do século XX, dando unha interpretación propia aos feitos. |

| 2. Avaliación e cualificación | |
|---|---|
| **Avaliación** | Procedementos:<br>a) rexistro do traballo telemático do alumno; b) análise das produccións do alumno mediante rúbricas; c) probas específicas de recuperación. |
| | Instrumentos:<br>a) rexistro das tarefas realizadas por cada alumno; b) actividades do alumno (porfolio, que inclúe: cuestionarios de resposta escrita, probas obxectivas con opcións concretas e probas de ensaio escrito); c) probas de libro aberto (actividades extensas que se contestan con todo o material de apoio que se crea convinte). |
| **Cualificación final** | Calcularase a media das dúas primeiras avaliacións: (1ª avaliación+2ª avaliación):2. Cando os alumnos obteñan unha calificación superior a 5 na media das dúas primeiras avaliacións, poderán optar a aumentar a nota en 2 puntos por medio do traballo da terceira avaliación.<br>Todos os alumnos suspensos poderán optar a aprobar por medio do traballo da terceira avaliación, independentemente da nota que obteñan na media das dúas primeiras avaliacións. Os alumnos cuxa media das dáus primeiras avaliacións sexa 4 poderán optar, ademáis de a aprobar, a subir a nota final ata o 6 por medio do traballo da terceira avaliación. |
| **Proba extraordinaria de setembro** | Proba escrita baseada no grado mínimo de consecución dos estándares das dúas primeiras avaliacións, segundo a nosa programación. |
| **Avaliación de materia pendentes** | Criterios de avaliación:<br>Empregaranse coma referencia os graos mínimos de consecución dos estándares de aprendizaxe da nosa programación para 1º de Bacharelato.<br>Criterios de cualificación:<br>Os alumnos só teñen unha nota da materia pendente, correspondente á primeira avaliación. Farase media entre esa nota e a obtida polo traballo de pendentes actual: (nota 1ª avaliación) + (nota traballo actual) / 2<br>Procedementos e instrumentos de avaliación:<br>O alumno deberá realizar un boletín de actividades puntuables baseadas nos estándares de que se ocupan as unidades didácticas da segunda e terceira avaliación do curso que ten pendente. Terá un prazó de tres semanas. |

| 3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación) | |
|---|---|
| **Actividades** | - cuestionarios de resposta escrita: a) ensaios e b) probas obxectivas (cuestionarios telemáticos de Google); |

| | |
|---|---|
| | - monografías de investigación;<br>[Dada a inestabilidade da situación actual, non somos quen de detallar un plan específico e secuenciado de actividades. Non sabemos cánto tempo vai durar o estado de alarma nen cal será a nosa disponibilidade de medios, nen a dos nosos alumnos; nen sequera ao máis curto prazo]. |
| **Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade):** | Profesor e alumnos empregan a conta de Google Suite do IES Mugardos (@iesmugardos.gal). Por medio das súas aplicacións, se manteñen en contacto directo.<br>O profesor envía: a) apuntes e actividades en formato pdf; b) videos feitos por él mesmo explicando os apuntes e as actividades; c) correos electrónicos explicando as actividades.<br>Os envíos son regulares: unha tarefa á semana, ou dúas (unha ao comezo da semana e outra o xoves) se os alumnos remataron a primeira.<br>Os prazos de entrega das tarefas son únicamente orientativos.<br>As dúbidas e consultas dos alumnos son resoltas empregando: a) o correo electrónico; b) os mensaxes directos de Google Classroom; c) whatsapp; d) as contas de Instagram do profesor e dos alumnos.<br>Todo o alumnado ten conectividade, pero no caso de que alguén a perda, os concellos de Mugardos e Ares e Protección Civil brindáronse a levar ás casas as tarefas impresas e a facerlle chegar ao profesor as respostas dos alumnos. |
| **Materiais e recursos** | a) Apuntes e actividades elaborados polo profesor; b) videos explicativos elaborados polo profesor; c) outros videos seleccionados; d) documentos textuais seleccionados polo profesor (fragmentos de obras literarias, artigos de periódico...); e) material gráfico seleccionado polo profesor (mapas, gráficas, fotografías, carteis publicitarios...); f) diccionarios e enciclopedias online. |

| **4. Información e publicidade** | |
|---|---|
| **Información ao alumnado e ás familias** | Correo electrónico explicando a adaptación da programación e, especialmente, a avaliación, dirixido aos enderezos dos alumnos en @iesmugardos.gal |
| **Publicidade** | Esta adaptación da programación didáctica será posta á disposición na páxina web do IES Mugardos. |